

Don Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra.

CERTIFICA:

Que a Comisión Especial de Contas na sesión celebrada o 20 de maio de 2022 ditaminou a Conta Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra correspondente ó exercicio 2021, integrada pola propia da Deputación de Pontevedra, a da Fundación Escola Universitaria de Enfermería, a do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, a do Consorcio para o Servizo Contra Incendios e Salvamento das Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes e a consolidada.

En cumprimento co disposto no artigo 212 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, a Conta Xeral correspondente ó exercicio 2021 expúxose ó público a través dun anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 97 de data 23 de maio de 2022, por un prazo de quince días, durante os cales os interesados podían presentar as reclamacións, reparos ou observacións que estimaran pertinentes. Este período de exposición pública iniciouse o día 24 de maio de 2022 e finalizou o día 13 de xuño de 2022 (ambos inclusive).

Que durante o citado período de exposición pública non tivo entrada no Rexistro electrónico desta Deputación ningunha reclamación nin alegación á citada Conta Xeral do exercicio de 2021 según figura no informe asinado polo xefe de negociado do Rexistro Xeral de data 14 de xuño de 2022.

E para que conste, a efectos de unión o expediente da súa razón exténdese a presente, de orde e co visto bo do Deputado Delegado, na data que figura ó marxe.

Visto e prace

O Deputado Delegado

*(Delegación efectuada por R.P. nº 2019012988
de data 15-07-2019)*

Asdo.-Carlos López Font

Asdo. Carlos Cuadrado Romay

Asinado dixitalmente á marxe.

